

SESIÓN ORDINARIA DO COMITÉ DE CALIDADE DA ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL DA USC (EDIUS) DO DIA 21 DE FEBREIRO DE 2020.

**Dá comezo a xuntanza ás 10 horas, coa orde do día indicada e coa presenza dos seguintes membros:** Pablo Taboada Antelo, José Miguel Túdez López, Juan Bautista Zalvide Torrente, Margarita Estévez Saá, Ramón Vicente López Facal, José Ángel Fernández Escribano, Antonio Azaustre Lago, Marta Rodríguez Castro, Cecilia Alonso Rego

**Desculpan a asistencia:** Ángel García Alonso, Dolores Vilavedra Fernández, Marco Eugenio Vázquez Sentís, Eva Rodil Rodríguez, Carolina López Gómez.

**ORDE DO DIA**

1. Constitución da Comisión transitoria de Calidade da EDIUS
2. Informe do presidente da EDIUS
3. Informe dos subdirectores da EDIUS
4. Aprobación, se procede, dos documentos que integran o Sistema de Garantía de Calidade (SGC) da EDIUS ( Manual de calidade e Manual de procesos da EDIUS)
5. Proposta do Código de boas prácticas da EDIUS
6. Asuntos de trámite
7. Rogos e Preguntas

**1. Constitución da Comisión transitoria de Calidade da EDIUS.**

Constitúese con asentimento do presentes.

En ausencia da Secretaria da EDIUS, actúa como secretario accidental José Miguel Túdez López.

**2. Informe do director da EDIUS**

O director dá conta do procedemento de acreditación dos PD e do cronograma estimado para 2020.

**3. Informe dos subdirectores da EDIUS**

Os subdirectores das áreas de Ciencias da Saúde e de Ciencias Sociais e Xurídicas recordan o estado dos procedementos en marcha para desenvolver as normas de Calidade e do Regulamento da Escola.

**4. Aprobación, se procede, dos documentos que integran o Sistema de Garantía de Calidade (SGC) da EDIUS (Manual de calidade e Manual de procesos da EDIUS)**

O director recorda que para a acreditación do centro debe transcurrir un ano desde a aprobación da memoria de calidade.

Preséntanse os documentos e as recomendacións da ACSUG que deben ter en conta e decidir a súa incorporación ao documento:

- **Manual de Calidade.**

- Modificacións propostas pola ACSUG relativas á composición dos órganos de representación da escola de xeito que representen a todas as seccións. Estas modificacións tamén se realizarán no Regulamento de Réxime Interno da EDIUS.
- Á vista do contido no Manual de Calidade, articular a designación da figura de Responsable de calidade de xeito que sexa un membro da Comisión de Calidade.

- **Manual de procesos**

- O SGC determina novas funcións para a EDIUS que implican competencias que non están atribuídas directamente á Escola. Por exemplo:
  - No PS-01 Xestión dos recursos humanos, en concreto, na revisión da adecuación do PAS de apoio aos programas, dependería dos xestores de cada centro.
  - No PS-05 Xestión das incidencias, o SGC contempla a canalización de tódalas queixas dende a Escola, o que conleva a recepción por parte da EDIUS de incidencias cuxa resolución son competencia dos Programas de Doutoramento ou de SXA. Na actualidade, é a OAR o órgano que se encarga de recibir e dar traslado das incidencias producidas, solicitando a emisión de informes a cada unha das partes implicadas. Considérase que este procedemento é eficaz e non debería modificarse.
  - No PS-06 Xestión da información pública, no relativo á centralización da información pública na EDIUS tanto a nivel xeral como de títulos, esta información vén actualmente determinada polo SXOPRA; a información respecto á matriculación, pola súa banda, depende da OIU e SXA. Non se está en desacordo co especificado no SGC pero debe dársele potestade real a EDIUS.
- Tendo en conta o Sistema de Garantía da Calidade da EDIUS, deberían incluírse novas competencias, e ampliar as xa existentes, para o Director da EDIUS, para o Comité de Dirección e para a Comisión de Calidade na normativa actual. Esta inclusión propónse nas modificacións do Regulamento de Réxime Interno da Escola e no novo Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC cuxa aprobación está prevista neste curso académico. Todo isto conlevaría a necesidade dun reforzo do PAS da Escola para asumir as novas competencias da EDIUS.

Apróbanse o *Manual de calidade* e o *Manual de procesos da EDIUS*

## 5. Proposta do Código de boas prácticas da EDIUS.

O director presenta o documento e sométeo á consideración dos membros da Comisión para que presenten as súas aportacións nun prazo breve.

## 6. Asuntos de trámite.

Non hai

## 7. Rogos e Preguntas.

Margarita Estévez Súa pregunta sobre cando está previsto que se aborden os criterios de calidade das teses de doutoramento.

Sen máis asuntos que tratar levántase a sesións ás 11 horas

O Presidente

O Secretario accidental

Asdo.: Pablo Taboada Antelo

Asdo.: José Miguel Túnuez López

## Sinaturas dixitais / Firmas digitales / Digital signatures

**Asinante/Firmante/Signer:** PABLO TABOADA ANTELO, DIRECTOR DA ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 29/04/2020 21:44:17.

**Asinante/Firmante/Signer:** JOSÉ MIGUEL TÚÑEZ LÓPEZ, NIF 34253558A, 24/04/2020 19:30:46.

**CSV:** 338A-2BE8-4DBE-BE8E